

INVESTIMENTOS VINCULADOS Á ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO E AO USO EFICIENTE DOS RECURSOS NATURAIS

- **Requisitos**

- Ser titular dunha granxa inscrita no REAGA.
- Ter unha idade mínima de 18 anos (no caso de persoas físicas).
- Que a actividade principal sexa a agraria.
- Ter capacidade profesional suficiente (formación ou 5 anos de experiencia).
- Acadar unha renda mínima equivalente ao 35% da renda de referencia no caso de non ser pequena granxa.
- Non ter ningún expediente de plan de mellora dalgunha anualidade anterior sen ter presentado a súa solicitude de pagamento antes do 22/01/2024.
- Non ter ningunha axuda concedida pola mesma intervención.
- No caso de pequenas granxas residir no concello onde se atopa a granxa ou en concello limítrofe.
- Presentar un plan de viabilidade dos investimentos.
- Realizar un investimento mínimo de 5.000 € en pequenas granxas e de 20.000 € no resto.

- **Compromisos**

- Permanecer na actividade agraria 5 anos dende o pagamento final da axuda

- **Importes da axuda**

Axuda de base do 40% do custe elixible ate un máximo 70% en función dos seguintes criterios:

- Persoa agricultora moza: +10%
- Investimentos en Zona de Montaña ou Rede Natura: +10%
- Investimentos en granxas de agricultura ecolóxica: +10%
- Titular muller: +5%

No caso de incorporarse nunha granxa intensiva a axuda limitarase ao 40%

O importe máximo da axuda é de 10.000 € para as pequenas granxas e de 40.000 € para o resto.

- **Xustificación da axuda:**

- Prazo máximo de 24 meses logo da concesión da axuda.
- Un único pago logo da execución dos investimentos.

- **Que se subvenciona:**

- Investimentos relacionados co almacenamento de xuros e esterco
- Investimentos relacionados coa xestión de esterco e xurros
- Investimentos de produción de enerxía renovable nas granxas